



ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa demanda de protección do patrimonio deste concello, en concreto ó Peirao Fenicio da Cobasa, en Aguiño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Porto de A Cobasa (GA15073041), coñecido como Peirao Fenicio de Aguiño, e un dos xacementos catalogados como Patrimonio Arqueolóxico pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, recolleito así no Inventario de Xacemento Arqueolóxicos do Concello de Ribeira que está en posesión desta Dirección Xeral, como se reflicte no PXOM deste Concello.

Como todo ben de interese cultural, goza dunha protección, por un lado integral onde o límite queda definido polas estruturas visibles na superficie que dito xacemento testemuña e os seus usos están regulados pola Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia e polo Decreto 199/97, que regula a actividade Arqueolóxica na Comunidade de Galicia; a outra protección e un área de respecto arredor do perímetro exterior dese ben, baseándose no artigo regular nº 30 das N.C.P.S. da COTOP adaptada ó contexto de cada un destes bens catalogados. En todo caso, todas as intervencións que alí se fagan están condicionadas á resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio.

Na actualidade, na área de protección estase a realizar unha obra que consiste na instalación dunha estación de bombeo, onde hai un movemento de terras importante que acada os tres metros de profundidade. Esta obra está a escasos 10 metros do Peirao Fenicio e como consecuencia da mesma o Peirao sufriu a caída dunha feira de pedras coas que contaba.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

A C O R D O :

Que por parte do Goberno Municipal se proceda á:

- 1.- Paralizar a devandita obra se non cumpre coa legalidade vixente e así tamén a reparar os deterioros ocasionados.
- 2.- Redactar un Plan de Especial Protección para o patrimonio arqueolóxico do noso Concello, tal e como o marca a Lei 16/1985 de Patrimonio Histórico Español no seu artigo 20.1.
- 2.- Recuperar este ben de interese cultural xestionando ante os Organismos Competentes todas as axudas que se estimen oportunas.

Ribeira, 13 de setembro de 2007

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA